



O dous de novembro de 1823 José Arias Teixeira foi elixido “por unanimidade de votos” como “Comandante general de los Batallones que componen este cuerpo de realistas...”. Cinco días despois o Tenente coronel Rafael del Riego era aforcado en Madrid. Remataba o trienio liberal, regresaba o absolutismo. O líder absolutista miñorán aínda daría ben voltas ata a súa morte e soterramento en San Pedro da Ramallosa. Esta primeira e exitosa acción de armas do señor de Pías foi posible pola xenerosa axuda dos “miguelistas” portugueses que o protexeron e axudaron a tomar Tui. Non imos ir a tempos tan recuados, só sinalamos o feito para reforzar a tese da permeabilidade política e económica, e escasamente coñecida, da raia galego-portuguesa que sostén Dionisio Pereira no seu último libro: *Emigrantes, exilados e perseguidos. A comunidade portuguesa na Galiza (1890-1940)*, Através Editora, 2013.

Os procesos migratorios teñen marcado a realidade contemporánea de Galiza e de Portugal, dun xeito especial no período de referencia. Da emigración silenciosa portuguesa aos ámbitos rurais do país galego, de emigración económica, da “andoriña” pero tamén da asentada e integrada nas áreas periurbanas, de solidariedades de clase como o iniciático Congreso de Tui de 1901 do que xurdiu a Unión Galaico-Portuguesa, fálanos Pereira. Mais tamén da emigración política, dos exiliados monárquicos, os “paivantes”, e dos exiliados republicanos acollidos na Galiza durante os breves anos da II República, entre eles o Presidente Bernardino Machado, asentado na Guarda ata que a presión do “Estado Novo” afastouno ata A Coruña, ou do que fora xefe do goberno, Afonso Costa, que residiu en Baiona durante unha temporada e acudiu á cea coa que os galeguistas baioneses agasallaron a Castelao e Bóveda despois dun mitin en outubro de 1932.

## Dunha a outra beira\*

Escrito por Carlos Méixome Quinteiro  
Sábado, 09 Xaneiro 2016 19:58

---



[panot.com.es/](http://panot.com.es/)

<http://pedogalinheiro.blogspot.com/>